



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 295 · Mércores, 27 decembro 2017

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Servizo Público de Emprego Estatal

Dirección Provincial de Ourense

Resolución de concesión da axuda económica regulada no Programa de recualificación profesional correspondente ao mes de novembro de 2017 a Erica Alonso Álvarez e a outros 2

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial de Ourense

Resolución do 24 de novembro de 2017 da Xefatura Territorial de Ourense pola que se somete a información pública a petición de declaración de utilidade pública en concreto, dunha instalación eléctrica no concello de Avión (n.º expediente: IN407A 2017/26-3)..... 3

IV. ENTIDADES LOCAIS

Cortegada

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo..... 4

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola rede de sumidoiros..... 5

Merca (A)

Aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio 2018..... 5

Nogueira de Ramuín

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas e comunicacións previa de obras 6

Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo inicio de actividades e verificación de establecementos mediante licenzas, comunicación previa ou declaración responsable no termo municipal de Nogueira de Ramuín 11

Parada de Sil

Exposición pública da aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio económico de 2018 14

Pontedeiva

Aprobación definitiva do orzamento para o exercicio económico de 2018 15

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos número 3/2017, dentro do vixente orzamento municipal 15

San Cibrao das Viñas

Exposición pública da devolución da fianza da obra de construción de local social en Currás..... 16

Verín

Información pública da aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo público da rede xeral municipal de sumidoiros e saneamento..... 16

Vilamartín de Valdeorras

Aprobación definitiva de modificación de crédito 16

Vilar de Santos

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos por suplemento 1/2017 17

V. TRIBUNAIS E XULGADOS

Xulgado do Social n.º 2 de Ourense

Notificación de resolución a Logística Nusa, SL e a Operador Logístico Nusa, SL, no procedemento execución de títulos xudiciais 86/2017..... 17

Notificación de resolución a José Ramón Costa Formoso, no procedemento execución de títulos xudiciais 112/2016..... 19

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Servicio Público de Empleo Estatal

Dirección Provincial de Ourense

Resolución de concesión de la ayuda económica regulada en el Programa de Recalificación Profesional correspondiente al mes de noviembre de 2017 a Erica Alonso Álvarez y a otros..... 2

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Economía, Empleo e Industria

Jefatura Territorial de Ourense

Resolución de 24 de noviembre de 2017 de la Jefatura Territorial de Ourense por la que somete a información pública la petición de declaración de utilidad pública, en concreto, de una instalación eléctrica en el municipio de Avión (n.º expediente: IN407A 2017/26-3) ... 4

IV. ENTIDADES LOCALES

Cortegada

Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la Recogida de Basura 4

Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por el Alcantarillado..... 5

Merca (A)

Aprobación definitiva del presupuesto general para el ejercicio 2018 6

Nogueira de Ramuín

Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Licencias Urbanísticas y Comunicaciones Previa de Obras 8

Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por el Inicio de Actividades e Verificación de Establecimientos mediante Licencias y Comunicación Previa o Declaración Responsable en el término municipal de Nogueira de Ramuín 12

Parada de Sil

Exposición pública de la aprobación inicial del presupuesto general para el ejercicio económico de 2018 14

Pontedeiva

Aprobación definitiva del presupuesto para el ejercicio económico de 2018 15

Aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos número 3/2017, dentro del vigente presupuesto municipal 16

San Cibrao das Viñas

Exposición pública de la devolución de la fianza de la obra de construción de local social en Currás 16

Verín

Información pública de la aprobación provisional de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la prestación del Servicio Público de la Red General Municipal de Alcantarillado y Saneamiento..... 16

Vilamartín de Valdeorras

Aprobación definitiva de modificación de crédito 17

Vilar de Santos

Aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos por suplemento 1/2017 17

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Juzgado de lo Social n.º 2 de Ourense

Notificación de resolución a Logística Nusa, SL y a Operador Logístico Nusa, SL, en el procedimiento ejecución de títulos judiciales 86/2017 18

Notificación de resolución a José Ramón Costa Formoso, en el procedimiento ejecución de títulos judiciales 112/2016 19



II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Servizo Público de Emprego Estatal

Dirección Provincial Ourense

Fondo Social Europeo

Resolución de concesión da axuda económica regulada no Programa de recualificación profesional

O Real decreto-lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, que foi prorrogado polos Reais decretos-leis 10/2011, 26 de agosto, 20/2011, do 30 de decembro e 23/2012, do 24 de agosto sucesivamente, que de conformidade co mandato contido nestes, deu lugar a unha serie de disposicións de desenvolvemento por parte da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.

Finalmente, mediante o Real decreto-lei 1/2013, do 25 de xaneiro, prorrógase novamente o Programa de recualificación profesional das persoas desempregadas que esgoten a prestación por desemprego regulado no artigo 2 do Real Decreto-Lei 1/2011, do 11 de febreiro. A Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal ditou Resolución do 13 de febreiro de 2013, pola que se determina a forma e prazos de presentación de solicitudes e de tramitación das axudas, conforme ao disposto na disposición adicional cuarta do citado Real decreto-lei 1/2013, do 25 de xaneiro. Dado que, conforme ao disposto na disposición adicional segunda do citado Real decreto-lei, no que se establece a prórroga automática do Programa Prepara, se ditou Resolución con data 24 de xaneiro de 2014, pola que se modifica a de data do 1 de agosto de 2013.

Unha vez vistas as solicitudes presentadas, despois de observarse todos os trámites do procedemento e despois de verificarse o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos, esta Dirección Provincial do Servizo Público de Emprego Estatal, por delegación da directora xeral deste organismo, de conformidade co establecido no artigo oitavo das citadas resolucións e, así mesmo, vista a proposta de concesión e coa fiscalización favorable da Intervención Delegada competente, acorda concederlles aos solicitantes que se relacionan no Anexo I desta resolución as axudas que neste se especifican, con expresión individualizada da súa contía, ascendendo o importe total das axudas a 83.902,92 euros.

Segundo o previsto no artigo segundo, número 3, das citadas resolucións, estas axudas poder ser obxecto de xustificación para o seu cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, previo cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa nacional e comunitaria.

Todo iso é con cargo á aplicación orzamentaria 482.26 do orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal, na que existe crédito axeitado e suficiente retido polo mesmo importe antes mencionado.

En contra desta resolución, que non pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso de alzada ante a ministra de Emprego e Seguridade Social, no prazo e nos termos establecidos nos artigos 121 y 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O director provincial. Asdo.: José Pérez Iglesias.

Anexo I

Resolución de concesión correspondente ao mes de novembro de 2017

Beneficiario; importe

Alonso Álvarez, Erica; 2.420,28
 Carballo Caamaño, Carmen María; 2.420,28
 Casal Gómez, Carmen; 2.742,96
 Cid Calvo, Asier; 2.420,28
 Codias Méndez, José; 2.742,96
 Conde Álvarez, María Luz; 2.420,28
 Conde Conde, M.^a del Carmen; 2.742,96
 Conde Fernández, Sonia María; 2.420,28
 Domínguez Anta, Sonia María; 2.420,28
 Dos Santos González, Alfredo; 2.420,28
 Feijoo Feijoo, Antonio; 2.420,28
 Fernández Quindos, Asunción; 2.420,28
 García Calviño, Noelia; 2.420,28
 García Fernández, María Alicia; 2.420,28
 González, Cecile Armelle; 2.742,96
 Hernández Benítez, Yudit; 2.420,28
 Iglesias Ogando, Marta; 2.420,28
 Lemos Babarro, Gloria; 2.420,28
 López Rodríguez, Daniel; 2.420,28
 Martínez Fernández, Lorena; 2.420,28
 Martínez Márquez, Margarita; 2.420,28
 Montes Álvarez, Soraya; 2.742,96
 Montoya Gabarres, Erica Victoria; 2.420,28
 Nogueiras González, Natalia; 2.420,28
 Pérez Dasilva, Manuel; 2.420,28
 Pérez Gil, María Elena; 2.420,28
 Pérez Ribao, Amalia; 2.420,28
 Prieto Serrano, Agustín Juan; 2.420,28
 Rodríguez Méndez, Alfredo; 2.420,28
 Rodríguez Román, Elena; 2.420,28
 Sevdalinova Ivanova, Daniela; 2.420,28
 Sharon Sánchez, Lorca; 2.420,28
 Suárez Varela, Ana Belén; 2.420,28
 Vidal Blanco, Sandra; 2.420,28
 Total beneficiarios: 34; Total: 83.902,92

Servicio Público de Empleo Estatal

Dirección Provincial Ourense

Fondo Social Europeo

Resolución de concesión de la ayuda económica regulada en el Programa de Recualificación Profesional

El Real Decreto-Ley 14/2017, de 6 de octubre, por el que se aprueba la reactivación extraordinaria y por tiempo limitado del programa de recualificación profesional de las personas que agoten su protección por desempleo, establece en su artículo 1.12, que la forma y plazos de presentación de solicitudes y tramitación de las ayudas económicas de acompañamiento se harán de acuerdo con lo dispuesto en la Resolución de 1 de agosto de 2013 del Servicio Público de Empleo Estatal, dictada al amparo del Real Decreto-Ley 1/2013, de 25 de enero, dicha resolución ha sido modificada por la Resolución de 9 de octubre de 2017, del Servicio Público de Empleo Estatal, conforme a lo dispuesto en la disposición final tercera del Real Decreto-Ley 14/2017, de 6 de octubre, por la que se faculta al Gobierno



para dictar las disposiciones que sean necesarias para el desarrollo y ejecución de lo establecido en el Real Decreto-Ley, y a la persona titular de la Dirección General del Servicio Público de Empleo Estatal, en el ámbito de sus competencias, para dictar cuantas resoluciones sean precisas para el desarrollo de este real decreto-ley.

Vistas las solicitudes presentadas, habiéndose observado todos los trámites del procedimiento y verificado el cumplimiento de los requisitos legalmente establecidos, esta Dirección Provincial del Servicio Público de Empleo Estatal por delegación del director general de este organismo de conformidad con lo establecido en el artículo octavo, número 5, de la citada resolución y, asimismo, vista la propuesta de concesión y con la fiscalización favorable de la Intervención Delegada competente acuerda:

Conceder a las personas solicitantes que se relacionan en el Anexo I de la presente resolución, las ayudas que en el mismo se especifican, con expresión individualizada de su cuantía, ascendiendo el importe total de las ayudas a 83.902,92 euros.

Según lo previsto en el artículo segundo, número 3, de la citada resolución, estas ayudas pueden ser objeto de justificación para su cofinanciación por el Fondo Social Europeo, previo cumplimiento de los requisitos establecidos por la normativa nacional y comunitaria.

Todo ello con cargo a la aplicación presupuestaria 482.26 del presupuesto de gastos del Servicio Público de Empleo Estatal, en la que existe crédito adecuado y suficiente retenido por el mismo importe antes mencionado.

Contra la presente resolución, que no pone fin a la vía administrativa, los interesados podrán interponer recurso de alzada ante la ministra de Empleo y Seguridad Social, en el plazo y términos establecidos en los artículos 121 y 122 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

El director provincial. Fdo.: José Pérez Iglesias.

Anexo I

Resolución de concesión correspondiente al mes de noviembre de 2017

Beneficiario; importe

Alonso Álvarez, Erica; 2.420,28
 Carballo Caamaño, Carmen María; 2.420,28
 Casal Gómez, Carmen; 2.742,96
 Cid Calvo, Asier; 2.420,28
 Codias Méndez, José; 2.742,96
 Conde Álvarez, María Luz; 2.420,28
 Conde Conde, M.^a del Carmen; 2.742,96
 Conde Fernández, Sonia María; 2.420,28
 Domínguez Anta, Sonia María; 2.420,28
 Dos Santos González, Alfredo; 2.420,28
 Feijoo Feijoo, Antonio; 2.420,28
 Fernández Quindos, Asunción; 2.420,28
 García Calviño, Noelia; 2.420,28
 García Fernández, María Alicia; 2.420,28
 González, Cecile Armelle; 2.742,96
 Hernández Benítez, Yudit; 2.420,28
 Iglesias Ogando, Marta; 2.420,28
 Lemos Babarro, Gloria; 2.420,28
 López Rodríguez, Daniel; 2.420,28
 Martínez Fernández, Lorena; 2.420,28
 Martínez Márquez, Margarita; 2.420,28
 Montes Álvarez, Soraya; 2.742,96

Montoya Gabarres, Erica Victoria; 2.420,28
 Nogueiras González, Natalia; 2.420,28
 Pérez Dasilva, Manuel; 2.420,28
 Pérez Gil, María Elena; 2.420,28
 Pérez Ribao, Amalia; 2.420,28
 Prieto Serrano, Agustín Juan; 2.420,28
 Rodríguez Méndez, Alfredo; 2.420,28
 Rodríguez Román, Elena; 2.420,28
 Sevdalinova Ivanova, Daniela; 2.420,28
 Sharon Sánchez, Lorca; 2.420,28
 Suárez Varela, Ana Belén; 2.420,28
 Vidal Blanco, Sandra; 2.420,28
 Total beneficiarios: 34; Total: 83.902,92

R. 3.844

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial

Ourense

Resolución do 24 de novembro de 2017 da Xefatura Territorial de Ourense pola que se somete a información pública a petición de declaración de utilidade pública en concreto, dunha instalación eléctrica no concello de Avión (n.º expediente: IN407A 2017/26-3).

Para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e no artigo 149 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sobre autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, SA.

Enderezo social: A Batundeira, 2, 32960 Velle Ourense.

Denominación: LMT, CT Amiudal.

Situación: Avión.

Descricións técnicas:

LMT subterránea a 20 kV de 30 m, con condutor RHZ1 1x 95 mm² AL con orixe no PAS, na LMT ALB801 entre o CT Pascaís (32AT94) e o CT Abelenda de Avión (32A239) e remate no CT rural proxectado manobra exterior Amiudal de 160 kVA e R/T 20.000/400-230 V.

A relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos afectados polo procedemento de expropiación forzosa figura no anexo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, sita na rúa Curros Enríquez, 1, 3º andar, 32003 Ourense, no prazo de vinte días, a partir da última publicación ou notificación individual.

É de significar que esta publicación se realiza igualmente para os efectos determinados polo artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando os interesados sexan descoñecidos, se ignore o lugar de notificación, ou ben cando intentada a notificación, non se puidese realizar, e deste xeito dirixir ao Ministerio Fiscal ás dilixencias que se produzan sobre estes, de conformidade co artigo 5 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

Ourense, 24 de novembro de 2017. O xefe territorial.

Asdo.: Santiago Álvarez González.



Consellería de Economía, Empleo e Industria
Jefatura Territorial
Ourense

Resolución de 24 de noviembre de 2017 de la Jefatura Territorial de Ourense por la que somete a información pública la petición de declaración de utilidad pública, en concreto, de una instalación eléctrica en el municipio de Avión (n.º expediente: IN407A 2017/26-3).

A los efectos previstos en la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico, y en el artículo 149 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, sobre autorización de instalaciones de energía eléctrica, se somete a información pública la petición de declaración de utilidad pública, en concreto, de la instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, SA.

Domicilio social: A Batundeira, 2, 32960 Velle.

Título: LMT, CT Amiudal.

Situación: Avión.

Características técnicas:

LMT subterránea a 20 kV de 30 m, con conductor RHZ1 1x 95 mm² AL con origen en el PAS, en la LMT ALB801 entre el CT Pascáis (32AT94) y el CT Abelenda de Avión (32A239) y final en el CT rural proyectado maniobra exterior Amiudal de 160 kVA y R/T 20.000/400-230 V.

La relación concreta e individualizada de los bienes o derechos afectados por el procedimiento de expropiación forzosa figura en el anexo.

Todas aquellas personas o entidades que se consideren afectadas podrán examinar el expediente y presentar sus alegaciones en esta jefatura territorial, sita en la calle Curros Enríquez, 1, 3ª planta, 32003 Ourense, en el plazo de veinte días, a partir de la última publicación o notificación individual.

Es de significar que esta publicación se realiza igualmente a los efectos determinados por el artículo 59.5 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, cuando los interesados sean desconocidos, se ignore el lugar de notificación, o bien cuando, intentada la notificación, no se pudiese realizar, y de esta manera dirigir al Ministerio Fiscal las diligencias que se produzcan sobre estos, de conformidad con el artículo 5 de la Ley de 16 de diciembre de 1954 sobre Expropiación Forzosa.

Ourense, 24 de noviembre de 2017. El jefe territorial.

Fdo.: Santiago Álvarez González.

Anexo

Relación de propietarios bienes y derechos afectados

Expte. n.º: 2017/26

AYUNTAMIENTO: Avión

PROVINCIA: Ourense

Instalación: LMT, CT AMIUDAL

NºFinca; Pol Parcela Paraje; Cultivo Nombre y apellidos; dirección; Afección: (ocupación+serv.): m2; m(subt.) m2

1; 88; 786; Cotiño; Erial; - César Rodríguez Terrazo y otro; C/Colón Nº 8- 2º - 32600 Verín, Ourense; CT; 16; 5; 15

R. 3.727

IV. ENTIDADES LOCAIS
IV. ENTIDADES LOCALES

Cortegada

Anuncio de aprobación definitiva

Con data 2 de novembro de 2017 o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria, acordou a aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo; unha vez exposto polo prazo de 30 días hábiles en aplicación do artigo 17.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e á vista de que non se presentaron reclamacións, considérase definitivamente aprobado o acordo de aprobación provisional, sen que sexa necesario un novo acordo plenario en aplicación do artigo 17.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo o disposto no artigo 17.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese á publicación do texto íntegro da modificación, para os efectos da súa entrada en vigor:

“Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles. Para tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

A. Parroquia de Cortegada:

- Vivendas: 65 euros.

- Locais comerciais: - Supermercados e hostalería: 100 euros.

- Resto de locais: 85 euros.

B. Restantes parroquias: -Vivendas: 50 euros.

- Locais comerciais: 85 euros.

2. Estas tarifas poderanse actualizar anualmente conforme ao índice de prezos do consumo (IPC). Para estes efectos, antes do 31 de decembro de cada ano publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, as contias que resultaren e que serán aplicables dende o día un de xaneiro do ano seguinte.”

Contra este acordo, conforme ao artigo 19 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Cortegada, 21 de decembro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Avelino Luis de Francisco Martínez.

Anuncio de aprobación definitiva

Con fecha 2 de novembro de 2017 el Pleno de la Corporación, en sesión extraordinaria, acordó la aprobación provisional de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la Recogida de Basura; una vez expuesto por el plazo de 30 días hábiles en aplicación del artículo 17.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, y a la vista de que no se presentaron reclamaciones, se considera definitivamente aprobado el acuerdo de aprobación provisional, sin que sea necesario un nuevo acuerdo plenario en aplicación del artículo 17.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Según lo dispuesto en el artículo 17.4 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se procede a la publicación del texto íntegro de la modificación, a los efectos de su entrada en vigor:

“Artículo 6. Cuota tributaria

1. La cuota tributaria consistirá en una cantidad fija, por unidad de local, que se determinará en función de la naturaleza y destino de los inmuebles. A tal efecto se aplicarán las siguientes tarifas:

A. Parroquia de Cortegada:

- Viviendas: 65 euros.
- Locales comerciales: Supermercados y hostelería: 100 euros.
- Resto de locales: 85 euros.

B. Restantes parroquias:

- Viviendas: 50 euros.
- Locales comerciales: 85 euros.

2. Estas tarifas se podrán actualizar anualmente conforme al índice de precios del consumo (IPC). A estos efectos, antes de 31 de diciembre de cada año se publicarán en el Boletín Oficial de la Provincia, las cuantías que resultarán y que serán aplicables desde el día uno de enero del año siguiente.”

Contra lo presente acuerdo, conforme al artículo 19 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, los interesados podrán interponer un recurso contencioso-administrativo, en el plazo de dos meses contados a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

Cortegada, 21 de diciembre de 2017. El alcalde.

Fdo.: Avelino Luis de Francisco Martínez.

R. 4.017

Cortegada**Anuncio de aprobación definitiva**

Con data 2 de novembro de 2017 o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria, acordou a aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola rede de sumidoiros. Unha vez exposto polo prazo de 30 días hábiles en aplicación do artigo 17.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e á vista de que non se presentaron reclamacións, considérase definitivamente aprobado o acordo de aprobación provisional, sen que sexa necesario un novo acordo plenario en aplicación do artigo 17.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo o disposto no artigo 17.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese á publicación do texto íntegro da modificación, para os efectos da súa entrada en vigor:

“Artigo 5. Cota tributaria:

1. A cota tributaria correspondente á concesión de licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixírase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 130,00 euros por vivenda ou local.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación do servizo de sumidoiros consistirá na seguinte cantidade fixa por vivenda ou local:

- a) Parroquia de Cortegada: 45,00 euros.
- b) Restantes parroquias: 45,00 euros (...).”

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Cortegada, 21 de decembro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Avelino Luis de Francisco Martín.

Anuncio de aprobación definitiva

Con fecha 2 de noviembre de 2017 el Pleno de la Corporación, en sesión extraordinaria, acordó la aprobación provisional de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por el Alcantarillado. Una vez expuesto por el plazo de 30 días hábiles en aplicación del artículo 17.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, y a la vista de que no se presentaron reclamaciones, se considera definitivamente aprobado el acuerdo de aprobación provisional, sin que sea necesario un nuevo acuerdo plenario en aplicación del artículo 17.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Según lo dispuesto en el artículo 17.4 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se procede a la publicación del texto íntegro de la modificación, a los efectos de su entrada en vigor:

“Artículo 5. Cuota tributaria:

1. La cuota tributaria correspondiente a la concesión de licencia o autorización de acometida al alcantarillado, se exigirá por una sola vez y consistirá en la cantidad fija de 130,00 euros por vivienda o local.

2. La cuota tributaria a exigir por la prestación del servicio de alcantarillas consistirá en la siguiente cantidad fija por vivienda o local:

- a) Parroquia de Cortegada: 45,00 euros.
- b) Restantes parroquias: 45,00 euros (...).”

Contra el presente acuerdo, conforme al artículo 19 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, los interesados podrán interponer un recurso contencioso-administrativo, en el plazo de dos meses contados a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

Cortegada, 21 de diciembre de 2017. El alcalde.

Fdo.: Avelino Luis de Francisco Martín.

R. 4.019

A Merca**Edicto**

Unha vez aprobado finalmente o orzamento xeral do concello para o exercicio 2018, ao non presentaren reclamacións durante a súa exposición pública, segundo o establecido no artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, por medio deste anuncio dáse conta do anterior e, así mesmo, procédese á súa publicación resumido por capítulos, tal e como dispón o artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004 e o artigo 20.3.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Gastos capítulo; denominación; consignación

- I; Gastos de persoal; 545.726.31
- II; Bens correntes e servizos; 550.877.55
- III; Gastos financeiros; 2.500,00
- IV; Transferencias correntes; 211.150.00
- V; Fondo de continxencia e outros imprevistos; 10.608.46
- VI; Investimentos reais; 88.000,00
- VII; Transferencias de capital; 1,00
- Total: 1.408.863.32

Ingresos capítulo; denominación; importe

- I; Impostos directos; 308.718.22
- II; Impostos indirectos; 21.000,00
- III; Taxas e outros ingresos; 276.586.10



IV; Transferencias correntes; 802.139.00

V; Ingresos patrimoniais; 420,00

Total: 1.408.863.32

Na mesma sesión plenaria aprobouse o cadro de persoal e o anexo de persoal desta Corporación artigo 126 do Real decreto 781/1986, e procédese á súa publicación segundo o preceptuado no artigo 127 do mesmo corpo legal:

1) Funcionarios de carreira

a) Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional (denominación do posto, n.º de prazas, grupo, escala). Secretaría-Intervención, 1, A, 28.

b) Administración Xeral (denominación do posto, n.º de prazas, grupo, escala. Administrativo, 1, C1, 20 administrativo, 1, C2, 17 auxiliar administrativo.

2) Persoal laboral

a) Persoal laboral fixo (denominación do posto, n.º de prazas, grupo)

Servicio urbanismo, arquitecto, 1, I

Servicio medio ambiente, condutor tractor-rozadora, 1, IV

Servicio deportes, encargado pavillón deportivo, 1,1 IV

Servicio limpeza edificios, 1,1 V

b) Persoal laboral indefinido (denominación do posto, n.º prazas, grupo)

Servicio administración xeral, ADL, 1, II.- técnico administrativo, 1, II

Servicio de obras. Capataz, 1, IV, peóns obras 2, V

A Merca, 22 de decembro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Manuel Jorge Velo Reinoso.

Edicto

Una vez aprobado finalmente el presupuesto general del ayuntamiento para el ejercicio 2018, al no presentar reclamaciones durante su exposición pública, según lo establecido en el artículo 169.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por medio de este anuncio se da cuenta de lo anterior y, asimismo, se procede a su publicación resumido por capítulos, tal y como dispone el artículo 169.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004 y el artículo 20.3.5 del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Gastos capítulo; denominación; consignación

I; Gastos de personal; 545.726.31

II; Bienes corrientes y servicios; 550.877.55

III; Gastos financieros; 2.500,00

IV; Transferencias corrientes; 211.150.00

V; Fondo de contingencia y otros imprevistos; 10.608.46

VI; Inversiones reales; 88.000,00

VII; Transferencias de capital; 1,00

Total: 1.408.863.32

Ingresos capítulo; denominación; importe

I; Impuestos directos; 308.718.22

II; Impuestos indirectos; 21.000,00

III; Tasas y otros ingresos; 276.586.10

IV; Transferencias corrientes; 802.139.00

V; Ingresos patrimoniales; 420,00

Total: 1.408.863.32

En la misma sesión plenaria se aprobó la plantilla y el anexo de personal de esta Corporación, artículo 126 del Real Decreto 781/1986, y se procede a su publicación segundo el preceptuado en el artículo 127 del incluso cuerpo legal:

1) Funcionarios de carrera

a) Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional (denominación del puesto, n.º de plazas, grupo, escala). Secretaría-Intervención, 1, A, 28.

b) Administración general (denominación del puesto, n.º de plazas, grupo, escala. Administrativo, 1, C1, 20 administrativo, 1, C2, 17 auxiliar administrativo.

2) Personal laboral

a) Personal laboral fijo (denominación del puesto, n.º de plazas, grupo)

Servicio urbanismo, arquitecto, 1, I

Servicio medio ambiente, conductor tractor-desbrozadora, 1, IV

Servicio deportes, encargado pabellón deportivo, 1,1 IV

Servicio limpieza edificios, 1,1 V

b) Personal laboral indefinido (denominación del puesto, n.º plazas, grupo)

Servicio administración general, ADL, 1, II.- técnico administrativo, 1, II

Servicio de obras. Capataz, 1, IV, peones obras 2, V

A Merca, 22 de diciembre de 2017. El alcalde.

Fdo.: Manuel Jorge Velo Reinoso.

R. 4.026

Nogueira de Ramuín

Expediente n.º: 97 / 2017

Asunto: Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas e comunicación previas de obras no Concello de Nogueira de Ramuín.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas e comunicacións previa de obras

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, consolida a comunicación previa como réxime xeral de intervención administrativa en materia urbanística mantendo a esixencia de licenza para os actos expresamente relacionados na propia Lei. No seu artigo 142 establécense dous títulos habilitantes de natureza urbanística: a licenza urbanística e a comunicación previa, que teñen por finalidade o sometemento ó control dos actos de edificación e uso do solo e que se desenvolven no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia.

Artigo 1.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a “taxa por licenzas urbanísticas e comunicación previas de obras que se han de rexer pola presente ordenanza fiscal.”

Artigo 2.- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo aos que se refire a lei e que se deban realizar no termo municipal, se axustan ás normas urbanísticas, de edificación e de policía previstas na citada Lei do solo e nos regulamentos que a desenvolvan, (artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 348 e ss. do Decreto 143/2016) normativa autonómica e no proxecto xeral de ordeñación urbana deste concello.

2.- Non están suxeitas a taxa as obras de mero ornato, conservación ou reparación que se realicen no interior das vivendas.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

1.- Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten a licenza de obras ou se beneficien dela, ou que presenten a comunicación previa de obras.

2.- En todo caso terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas de obras.

Artigo 4.- Responsables

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5.- Base imponible

A base imponible da taxa determinarase conforme as seguintes regras:

1.- O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta, modificacións de estruturas e demais aspectos exteriores das edificacións existentes.

2.- O valor que teña sinalados os terreos e construción aos efectos do imposto sobre bens inmobles (IBI) cando se trate de parcelamentos e segregacións urbanas e de derrubas de construción.

3.- O custo real e efectivo da vivenda local, ou instalación cando se trate da primeira utilización dos edificios, licenzas de ocupación e as modificacións dos usos deles.

4.- Os conceptos anteriores serán aplicados do mesmo xeito nos casos de solicitudes de prórrogas.

5.- Nas aliñacións e restantes tomarase como base de gravame, os metros lineais de fachada ou fachada dos inmobles.

Artigo 6.- Tipo de gravame e cota tributaria

1.- A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible determinada conforme o artigo anterior, o tipo de gravame do: 0,25%.

2.- No caso de cambios de titularidade de licenzas ou comunicación previas de obras establécese unha taxa do 25% do importe aboado no seu día en concepto de taxa pola concesión de dita licenza ou comunicación previa.

3.- En todo caso establécese unha cota mínima de:

- 50 euros para obras menores.

- 150 euros para obras maiores.

4.- En caso de desistencia formulada polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, as cotas a liquidar serán as sinaladas conforme este artigo sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente.

Artigo 7.- Non suxeición, exencións e bonificacións

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 8.- Obriga de contribuír

1.- A obriga de contribuír nacerá no momento de comezar a prestación do servizo, que ten lugar desde que se formula a solicitude da preceptiva licenza ou se presente a comunicación previa de obras, ou desde que se inicien as obras ou actividades, ou desde que o concello realice as iniciais actuacións conducentes a verificar se é ou non autorizable a obra, instalación, primeira ocupación dos edificios ou modificacións do uso deles, que se efectuase sen a obtención previa da correspondente licenza ou comunicación previa de obras.

2.- Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo a actividade administrativa non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

3.- A obriga de contribuír non se verá afectada ou modificada pola denegación no seu caso da licenza, concesión con modificacións da solicitude, renuncia ou desistencia do solicitante.

No caso das comunicación previas de obras, a obriga de contribuír non se verá afectada pola posta en coñecemento que esta administración faga respecto da imposibilidade de executar as obras comunicadas que incumpran a normativa urbanística en vigor, así como nos casos de modificación da comunicación, renuncia ou desistencia.

4.- A obriga de contribuír a taxa, nas licenzas, producirase aínda que a súa concesión veña imposta polas normas que regulan o silencio administrativo positivo.

A obriga de contribuír a taxa, nas comunicación previas de obras, producirase aínda que a Administración non se pronuncie sobre esta, no prazo establecido na normativa en vigor.

Artigo 9.- Tramitación

1.- As licenzas ou comunicacións previas de obras para instalación, obras e construcións, presentaranse por medio da instancia dirixida ao alcalde, segundo o modelo oficial, que se ha facilitar na oficina do Rexistro de Documentos, onde se determinarán os documentos que deberá de presentar o interesado.

No caso das comunicación previas de obras procederase á autoliquidación da cota correspondente no momento de presentación da dita comunicación, cuxa carta de pagamento deberase presentar no momento de dar conta ao concello das obras a realizar. Sen este requisito non poderá declararse completa a documentación presentada.

Nos supostos de falta de calquera dos documentos esixidos actuarase conforme ao regulado no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, pola que se regula o procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- A solicitude ou comunicación previa poderá ser formulada polo interesado ou polo contratista das obras, pero deberá facerse constar o nome e enderezo do propietario do inmovle, do seu arrendatario, cando as obras se realicen por conta e interese deste, así como a expresa conformidade ou autorización do propietario. As solicitudes para a primeira ocupación dos edificios deberán ser subscritas polo promotor da edificación e a súa obtención e requisito indispensable para poder destinar os edificios ao uso proxectado, tendo por obxecto a comprobación de que a edificación foi realizada con suxeición estrita aos proxectos de obras que obtiveran a correspondente licenza municipal para a edificación e que as obras fosen rematadas totalmente, debendo, en consecuencia, ser obtidas para a súa ocupación. Nos casos de modificación no uso dos edificios, esta licenza será previa á de obras ou modificación de estruturas e tenderá a comprobar que o seu cambio non é contrario a ningunha normativa urbanística e que a actividade realizada é conforme co regulado na lexislación vixente.

3.- Se despois de formulada a solicitude de licenza ou realizada a comunicación previa de obras se modificase ou ampliase o proxecto, deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal acompañando o novo orzamento reformado, e no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación. Se a modificación ou ampliación se quixera introducir nas obras xa autorizadas ou comunicadas, deberá tramitarse en igual forma que se de nova construción se tratase, e con pagamento de novos dereitos.

4.- Ata que o suxeito pasivo non efectúe o ingreso da débeda tributaria ou garanta regulamentariamente o seu pagamento, non lle será entregado o documento administrativo de licenza de obras que se ha de expedir pola Alcaldía e Secretaría do concello.

Artigo 10.- Resolución

1.- O órgano municipal competente, cando se trate dunha solicitude de licenza de obras adoptará a resolución que procedese en canto ao outorgamento da licenza solicitada e proce-



derá, así mesmo, a aprobar a liquidación dos dereitos ou taxas correspondentes.

2.- No caso das comunicacións previas de obras procederase á autoliquidación das taxas correspondentes no momento da presentación de dita comunicación, cuxa carta de pagamento deberase presentar no momento de dar conta ao concello das obras a realizar. Sen este requisito non poderá declararse completa a documentación presentada.

Artigo 11.- Liquidación e ingreso

1.- As liquidacións iniciais terán carácter provisional ata que unha vez rematadas as obras sexa comprobado pola Administración municipal o efectivamente realizado e o seu importe, requirindo para iso dos interesados as correspondentes certificacións de obras e demais elementos ou datos que se consideren oportunos. Á vista do resultado da comprobación practicarase a liquidación definitiva.

2.- As licenzas e as comunicacións previas de obras, xunto coas cartas de pagamento ou fotocopias dunhas e outras obrarán no lugar das obras mentres duren estas, para poder ser exhibidas a requirimento dos axentes da autoridade municipal, que en ningún caso poderá retiralas por ser inescusable a permanencia destes documentos nas obras.

Artigo 12.- Caducidade e duración das licenzas

1.- Cando o interesado desista ou renuncie expresamente á licenza solicitada se esta aínda non foi outorgada, procederá o pago do 50% da cota correspondente. Cando a desistencia ou a renuncia se produza cando a licenza xa foi outorgada ou se denegue a licenza solicitada, procederá ao pago do 100% da taxa correspondente.

